

Prompt()

- **Sinopse:**

prompt (mensaxe, predeterminado)

- **Argumentos:**

mensaxe: Cadea de texto simple (non HTML) a mostrar no cadro de diálogo. Debe pedir ó usuario que introduza a información desexada.

predeterminado: Unha cadea que se mostra como entrada predeterminada no cadro de diálogo. Se queremos que estea baleira recoméndase pasar a cadea baleira: ("").

- **Devolve:**

A cadea introducida polo usuario, a cadea baleira se o usuario non introduce ningunha cadea ou null se o usuario fai clic en Cancelar.

- **Notas:**

O cadro de diálogo que se mostra có método *prompt()* é modal. É dicir, bloquea todas as entradas do usuario na ventana principal do explorador ata que o usuario peche o cadro de diálogo premendo en Aceptar ou en Cancelar.